

CONDICIÓN XERAIS DO SERVIZO DE TELEVISIÓN "MOVISTAR+"

1 OBXECTO

Constitúe obxecto do presente documento o establecemento das Condicións Xerais de prestación do Servizo Movistar+ descritas a continuación (en diante, as "Condicións Xerais") regulan as relacións contractuais entre TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. (en diante, MOVISTAR) con CIF nº A-82018474, domiciliada en Madrid, na rúa Gran Vía 28, 28013 de Madrid, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid ao tomo 13.170; libro 0; sección 8ª; folla M-213.180, e o CLIENTE do Servizo (en diante, o CLIENTE), en todo o relativo á prestación do Servizo denominado MOVISTAR+ (en diante, o SERVIZO MOVISTAR+)

A aceptación, sen reservas, das presentes Condicións Xerais devén indispensable para a prestación do Servizo por parte de MOVISTAR. O CLIENTE manifesta, en tal sentido, ter lido, entendido e aceptado as presentes Condicións Xerais, postas á súa disposición, en todo momento, con carácter previo á contratación, na páxina Web: movistar.es/contratos.

2 DESCRICIÓN E CONTRATACIÓN DO SERVIZO MOVISTAR+

2.1 Descrición:

O Servizo MOVISTAR é un servizo de acceso ao sinal de MOVISTAR+.

O devandito Servizo contén as seguintes prestacións:

- Acceso a un número determinado de canles nacionais, locais, temáticas, contidos baixo demanda e, no seu caso, ás canles de degustación que determine MOVISTAR en cada momento segundo o paquete contratado polo CLIENTE.
- Así mesmo, MOVISTAR porá a disposición do cliente un servizo de Aluguer, a través do cal o CLIENTE pode acceder a Contidos baixo demanda durante un período de tempo de 24 horas por un prezo determinado.
- Ademais, poden acceder contratando especificamente coa cota mensual que teña no momento de contratación, ás opcións de contidos que MOVISTAR poña a disposición do CLIENTE en función da oferta contratada: Canles, Paquetes de canles e contidos baixo demanda adicionais.
- Opcionalmente, acceso aos servizos de terceiros dispoñibles no SERVIZO MOVISTAR+, previa aceptación por parte do CLIENTE das condicións específicas de cada un deles.

O CLIENTE terá acceso aos contidos contratados, que poderá visualizar durante o período de validez da compra ou durante o período determinado pola cota mensual.

Ademais diso o cliente, poderá acceder ás funcionalidades dispoñibles coas limitacións que determine MOVISTAR en cada momento en función da tecnoloxía de acceso, como gravación dos contidos emitidos nalgúnhas das canles de TV de MOVISTAR+, U7D, Control do Directo e Ver Desde o Inicio, tamén poderá acceder ao servizo MOVISTAR+ en Dispositivos, mediante o cal poderá gozar dunha selección de canles e contidos baixo demanda nos dispositivos dispoñibles en cada momento.

O detalle das funcións, así como as opcións dispoñibles para cada oferta están recollidas en movistar.es/particulares/television/movistar-plus

Os paquetes contratables dispoñibles para a provisión do Servizo Movistar + así como os seus prezos están recollidos no Anexo 1 PREZOS

Movistar poderá modificar a grella de canles e os seus contidos, podendo variar o seu número e composición, ben en función dos compromisos contractuais que manteña cos provedores de tales canles e contidos, ben debido ás modificacións que estes realizasen neles. O Cliente terá en todo caso información actualizada da grella de canles dispoñible en cada momento na información publicada na web de cada modalidade de servizo:

2.2 Modalidades de contratación

O CLIENTE, atendendo ao servizo contratado e á cobertura das diferentes tecnoloxías, a cal está condicionada polo despregamento da infraestrutura necesaria, poderá ter o servizo nalgúnha das seguintes opcións:

- MOVISTAR+ a través de IPTV: sobre ADSL/VDSL en caso que o CLIENTE utilice simultaneamente o Servizo de acceso a Internet en Banda Ancha co servizo de acceso a canles de TV, dependendo da calidade do bucle de acceso á central telefónica, o Servizo de Acceso a Internet en Banda Ancha de que disporá o CLIENTE podería descender até 2.000 Kbit/s en sentido rede-usuario.
- MOVISTAR+ a través de Satélite: No caso de que, ben por decisión do Cliente, ben por razóns técnicas ou de despregamento de infraestrutura, se contratase unha modalidade de prestación con subministración de TV vía satélite, o Cliente deberá dispor previamente ese servizo.
- MOVISTAR+ a través de OTT: Para gozar de MOVISTAR+ en Dispositivos estarase ao disposto na cláusula 2.4. das presentes condicións

Nos supostos de prestación a través de IPTV ou Satélite, será necesaria a instalación no domicilio do CLIENTE de, polo menos, o equipamento técnico básico consistente nun DESCODIFICADOR así como, no seu caso, o material que precisen as condicións de contratación do servizo de subministración TV vía Satélite.

A alta efectiva en Movistar+ producirase coa instalación do servizo de TV.

No caso de que a modalidade de prestación de Tv inclúa subministración de vía Satélite, as condicións do devandito servizo, que constan publicadas en : movistar.es/particulares/television/movistar-plus

2.3 Servizo Multi+:

O SERVIZO Multi+ é un servizo adicional que permite acceder desde dúas estancias do fogar de forma simultánea á oferta íntegra de MOVISTAR+ contratada, posibilitando por exemplo o goce simultáneo de dous contidos diferentes. O CLIENTE poderá entrar nas súas subscricións, canles, paquetes de TV e nos contidos e eventos comprados desde ámbolos dous descodificadores.

A contratación do SERVIZO Multi+ está dispoñible só para TV sobre acceso Fibra ou Satélite. En todo caso, a dispoñibilidade ou non do Servizo Multi+ será confirmada por MOVISTAR en cada caso particular.

Para a correcta prestación do SERVIZO Multi+, o CLIENTE deberá dispor ademais do equipamento necesario para visualizar MOVISTAR+ con IPTV ou SAT, dun DESCODIFICADOR adicional en réxime de aluguer (para o servizo sobre IPTV, o descodificador UHD WIFI, ver prezos en Anexo I PREZOS). Deberá conectarse ao router mediante calquera solución certificada por Telefónica que asegure a correcta recepción do sinal.

En canto ás condicións de utilización do DESCODIFICADOR Multi+, será de aplicación o disposto na cláusula 3.2 para o DESCODIFICADOR PRINCIPAL.

2.4 MOVISTAR + en Dispositivos

2.4.1. MOVISTAR+ en Dispositivos é un servizo que permite visualizar, desde calquera dos Dispositivos Autorizados sen custo adicional, unha selección do catálogo de filmes, series, programas e outros contidos dixitais aos que ten acceso, en virtude do servizo de televisión de MOVISTAR que teña en cada momento.

A xestión e actualización dos terminais compatibles consta debidamente actualizada en ver.movistarplus.es/ayuda/dispositivos.

Todos os CLIENTES que dispoñan do servizo MOVISTAR+ a través de IPTV con descodificador, gozarán, ademais do servizo Multiacceso Hogar, que lles permite acceder ao servizo

MOVISTAR+ até en catro dispositivos distintos de forma simultánea, tres deles a condición de que estean conectados á rede do fogar en España onde se instalara o descodificador necesario para a prestación do SERVIZO MOVISTAR + , e un cuarto, adicional, conectado a unha rede, móbil ou fixa, que poderá ser distinta á rede do fogar (dispositivo “fóra do fogar”).

Para gozar de MOVISTAR+ en Dispositivos o CLIENTE deberá dispor dunha conexión a Internet de polo menos 3 Mbps, podendo verse afectada a visualización dos contidos se a calidade de conexión a Internet se ve degradada, así como en caso de utilización da conexión de forma simultánea por outros usuarios durante a reprodución.

O rexistro dun Dispositivo Autorizado prodúcese co acceso ao SERVIZO desde ese dispositivo, introducindo o usuario e contrasinal do CLIENTE. O CLIENTE poderá tramitar a baixa de calquera dos Dispositivos Autorizados a través da Web ver.movistarplus.es

A activación de MOVISTAR + en Dispositivos poderá realizarse en tendas MOVISTAR, chamando ao 1004 ou desde a web movistarplus.es/activar

O CLIENTE comprométese a utilizar o SERVIZO só para uso doméstico, quedando expresamente prohibido a exhibición de contidos en locais públicos ou para colectividades. En todo caso, seranlle de aplicación as condicións de bo uso dispostas nas Condicións Xerais do Servizo Movistar+.

2.4.2. En virtude do Regulamento europeo 2017/1128 de 14 de xuño de 2017 relativo á portabilidade transfronteiriza dos servizos de contidos en liña, cando o CLIENTE que se atope temporalmente nun Estado membro do Espazo Económico Europeo (en diante, EEE¹) poderá acceder ao servizo Movistar + en Dispositivos e utilízalo do mesmo xeito que en España a través do dispositivo “fóra do fogar”, tendo acceso aos mesmos contidos e coa mesma gama de funcionalidades.

Enténdese por “atoparse temporalmente nun Estado membro do EEE” a presenza do CLIENTE durante un período de tempo limitado nun Estado membro do EEE que non sexa España como Estado de residencia.

2.4.2.1. MOVISTAR no momento da contratación ou renovación do SERVIZO MOVISTAR + comprobará que España é o Estado de residencia do CLIENTE empregando como máximo dous dos seguintes medios de comprobación e garantirá que os medios utilizados sexan razoables, proporcionados e eficaces:

¹ Estados membros do EEE: Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Holanda, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Malta, Noruega, Polonia, Portugal, República Checa, República Eslovaca, Romanía, Suecia.

- a) un documento de identidade, un medio de identificación electrónica, en especial os incluídos nos sistemas de identificación electrónica notificados conforme ao Regulamento (UE) núm. 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello², ou calquera outro documento de identidade válido que confirme que España é o Estado de residencia do CLIENTE;
- b) datos de pago, como o número da conta bancaria ou dunha tarxeta de crédito ou débito do abonado;
- c) o lugar de instalación dun adaptador multimedia, un descodificador ou un dispositivo similar utilizado para a subministración dos servizos ao abonado;
- d) o pago por parte do abonado dunha taxa por outros servizos prestados en España, como o servizo público de radiodifusión;
- e) un contrato de subministración dun servizo de internet ou de telefonía ou calquera outro tipo de contrato similar que vincule ao CLIENTE con España;
- f) a inscrición no censo electoral municipal, se a información en cuestión está a disposición do público;
- g) o pago de impostos municipais, se a información en cuestión está a disposición do público;
- h) unha factura dalgún servizo público do CLIENTE que o vincule a España;
- i) o domicilio de facturación ou o enderezo postal do CLIENTE;
- j) unha declaración do CLIENTE na que confirme que o seu enderezo está en España;
- k) unha comprobación do enderezo do protocolo de internet (IP) para determinar o Estado membro do EEE desde o que o abonado accede ao servizo Movistar + en Dispositivos.

Os medios de comprobación sinalados nas letras i) a k) utilizarase só en combinación cun dos medios de comprobación incluídos nas letras a) a h), salvo que o enderezo postal indicado na letra i) figure nun rexistro oficial a disposición do público.

2.4.2.2. Se MOVISTAR tivese dúbidas razoables acerca de que España é o Estado de residencia do CLIENTE durante a vixencia do contrato, poderá comprobalo de novo de conformidade co apartado 2.4.2.1. En tal caso, non obstante, MOVISTAR poderá utilizar como único medio de comprobación

² Regulamento (UE) núm. 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e os servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE (DO L 257 de 28.8.2014, p. 73).

o previsto na letra k). Os datos resultantes do uso do medio de comprobación indicado na letra k) recolleranse unicamente en formato binario.

2.4.2.3. MOVISTAR terá dereito a solicitar ao CLIENTE que proporcione a información necesaria para determinar que España é o seu Estado de residencia de conformidade cos apartados 2.4.2.1 e 2.4.2.2. Se o CLIENTE non proporciona esa información e, como consecuencia, MOVISTAR non pode comprobar que España é o Estado de residencia do CLIENTE, MOVISTAR non fará posible que o CLIENTE acceda ao servizo Movistar + en Dispositivos ou que o utilice cando se atope temporalmente nun Estado do EEE.

3 INSTALACIÓN E EQUIPAMENTO DE CLIENTE

Para a correcta prestación do SERVIZO MOVISTAR+ o CLIENTE deberá dispor do seguinte equipamento: DESCODIFICADOR, equipo de visualización de televisión, Módem/Router compatible co SERVIZO MOVISTAR+ no caso de IPTV. Do devandito equipamento, o DESCODIFICADOR será fornecido por MOVISTAR nas condicións que se establecen a continuación. O equipo de visualización de televisión NON FORMA PARTE DO SERVIZO MOVISTAR+ por tanto, non se fornece como tal por MOVISTAR en virtude deste contrato e deberá ser provisto polo propio cliente.

En caso de subministración de TV vía satélite, será de aplicación o disposto nas súas condicións en relación ao material necesario para a súa prestación.

3.1 Servizo de Instalación.

En virtude do presente contrato e para a correcta prestación do SERVIZO MOVISTAR+ ao CLIENTE, MOVISTAR, por si ou a través dun instalador autorizado, levará a cabo a instalación inicial do equipamento necesario, que pode incluír o enumerado a continuación:

- De forma opcional na tecnoloxía ADSL, ou naqueles casos en que se considere necesario: Instalación dun filtro de voz/datos centralizado (en diante, o "Splitter") xunto ao punto de conexión á rede ou filtros separadores nos terminais telefónicos do CLIENTE. O Splitter é propiedade de MOVISTAR.
- Opcionalmente, o tendido do cableado necesario para o tramo existente desde o Splitter até o Router do CLIENTE ou a instalación de microfiltros necesarios (até un máximo de 3) en función da instalación interior do CLIENTE.
- O tendido do cableado necesario para o tramo existente entre o Módem/Router e o Descodificador até unha lonxitude de cable máxima de 10 metros (en diante, o "Cableado"), salvo que o CLIENTE opte por unha modalidade de descodificador inalámbrico.

- Instalación e Configuración do Módem/Router e Descodificador así como a súa conexión co de visualización de televisión do CLIENTE.
- No suposto de contratación do servizo de TV Movistar+ polo cliente que xa dispuxese dun servizo de banda ancha, poderá elixir contratar o Descodificador na súa modalidade autoinstalable

MOVISTAR deberá satisfacer toda solicitude de conexión inicial do Servizo dentro dos 15 días naturais seguintes á data de recepción da mesma, prazo que podería ampliarse até un máximo de 30 días naturais desde a petición do servizo para determinadas zonas territoriais, sempre que exista dispoñibilidade técnica, salvo que mediasen impedimentos de forza maior ou imputables ao solicitante. MOVISTAR confirmará ao CLIENTE a dispoñibilidade técnica de prestación do Servizo antes da contratación do mesmo.

Non obstante o anterior, no caso de que existan causas sobrevidas, tales como necesidade de execución de obras adicionais, licenzas de terceiros, ou simplemente incrementos puntuais de demanda en determinados ciclos, o prazo de conexión inicial podería estenderse, situación na que MOVISTAR informaría o CLIENTE desa circunstancia.

3.2 Descodificador.

O descodificador será fornecido por MOVISTAR en réxime de alugueiro e o seu prezo estará incluído na cota mensual do Servizo MOVISTAR+. (Véxase ANEXO I PREZOS)

Este descodificador conectarase ao equipo de visualización de Televisión do CLIENTE mediante a correspondente conexión de vídeo.

O cliente pode escoller tanto no momento da alta como na postvenda, un descodificador diferente (Anexo de Prezos I) ao descodificador estándar que se instale nese momento. A instalación vén incluída por defecto na alta do servizo Movistar + e cobrarase a alta do devandito descodificador, e en postvenda existe a posibilidade de elixir a modalidade autoinstalable ou solicitar a instalación do mesmo polo prezo vixente no anexo de prezos.

3.2.1 Compatibilidade do descodificador.

MOVISTAR informa de que o carácter aberto e compatible do sistema de acceso condicional e do equipo descodificador usado para o SERVIZO MOVISTAR+, require a adopción de acordos entre operadores. Estes acordos non se celebraron e, por tanto, o descodificador usado para o SERVIZO MOVISTAR+ non permite o acceso ao sinal doutros operadores.

3.2.2 Retirada do descodificador.

No caso de que o descodificador sexa retirado por motivo de traslado da liña por cambio de domicilio, avaría, MOVISTAR non se responsabiliza da perda dos datos almacenados no propio descodificador, nin que o equipo que se devolva ao CLIENTE sexa o mesmo que o que se retirou.

3.3 Material necesario para a recepción do Servizo en caso de subministración TV vía satélite.

En todo o referente a ese material, así como á súa instalación, custodia e resto de obrigacións respecto da devolución dos mesmos, estarase ao disposto nas Condicións de contratación dese servizo, contrato cedido a MOVISTAR nos termos que se verán na Cláusula 11.1.

4 OBRIGACIÓNS DE MOVISTAR

En virtude do presente contrato, MOVISTAR prestará, por si ou a través dun servizo de asistencia técnica autorizado, un servizo de atención ao CLIENTE que comprende tanto a atención comercial ao mesmo como a asistencia técnica, e cuxas características se describen a continuación:

4.1 O Servizo de Asistencia Técnica ao CLIENTE

É un servizo de consulta Web (<https://atencionalcliente.movistar.es/>) ou telefónica (1002) que comprende un Diagnóstico e unha Resolución de Incidencias. Dispoñible durante 24 horas ao día, os 7 días da semana, prestará o devandito Servizo no domicilio a solicitude do CLIENTE de forma gratuíta, naqueles casos nos que a incidencia diagnosticada se deba a fallos orixinais do descodificador, nunca a un mal uso do mesmo, á manipulación por persoal alleo e, en definitiva, a calquera causa imputable ao CLIENTE así como para os elementos non amparados pola mesma. Nese caso, o CLIENTE estará obrigado a satisfacer o prezo correspondente ao desprazamento, así como o dos traballos e equipos reparados. Estes custos de intervención serán os vixentes no momento en que o CLIENTE solicite a súa prestación. Os prezos dos diferentes servizos de resolución de incidencias son os incluídos no Cadro Xeral de Prezos dispoñibles na Liña de Atención Persoal 1004 ou en movistar.es.

Este Servizo non comprende a asistencia técnica de incidencias no equipo informático do CLIENTE, nin a asistencia técnica de incidencias no seu equipo de recepción de TELEVISIÓN.

4.2 Dispoñibilidade

MOVISTAR obrígase á prestación regular e continuada do Servizo MOVISTAR+, 24 horas ao día durante 365 días ao ano.

Non obstante o anterior, ese Servizo poderá verse interrompido polo tempo imprescindible para realizar as operacións de mantemento da Rede (en diante, as "Operacións de Mantemento da Rede") por parte de MOVISTAR, ou por outras causas constitutivas de caso fortuíto ou forza maior. En todo caso, MOVISTAR notificará ao CLIENTE, a través de calquera dos diferentes medios dispoñibles (correo electrónico, correo ordinario, chamada telefónica, publicación nas páxinas web do SERVIZO MOVISTAR+ etc.), as datas desas Operacións de Mantemento da Rede, cando iso sexa tecnicamente posible e cun prazo de antelación razoable.

MOVISTAR realizará todos os seus esforzos para que a interrupción se solucione no prazo máis breve posible, de forma que o CLIENTE se vexa afectado minimamente.

MOVISTAR non se fai responsable do equipo informático do CLIENTE nin das alteracións que este equipo poida producir no normal funcionamento do Servizo. Así mesmo, non se responsabiliza da falta de dispoñibilidade ou interrupcións ocasionadas pola intervención dun terceiro, ou pola mala utilización dos equipos por parte do CLIENTE ou das persoas achegadas a el, así como consecuencia de resolucións ou requirimentos xudiciais ou administrativos.

MOVISTAR non se fai responsable do equipo de recepción de TELEVISIÓN do CLIENTE nin das alteracións que este equipo poida producir no normal funcionamento do Servizo.

4.3 Responsabilidade por falta de dispoñibilidade

MOVISTAR responderá pola falta de dispoñibilidade do SERVIZO MOVISTAR+, polo tempo de indispoñibilidade computado de conformidade co previsto en "Duración da falta de dispoñibilidade garantida"

En tal caso, MOVISTAR estará obrigada a devolver ao CLIENTE a cantidade equivalente a aquela parte da cota mensual do SERVIZO MOVISTAR+ correspondente ao tempo efectivo da interrupción.

Non constituirá falta de dispoñibilidade a estes efectos: (a) a interrupción do Servizo como consecuencia das Operacións de Mantemento da Rede durante o tempo imprescindible para a súa realización; (b) a discontinuidade no SERVIZO MOVISTAR+ causada pola introdución polo CLIENTE de elementos de Hardware ou de Software que provoquen un mal funcionamento xeral do seu equipo ou que resulten incompatibles cos elementos precisos nese equipo para o acceso Internet a través do SERVIZO MOVISTAR+; (c) as avarías identificadas no tramo de rede de acceso non pertencente a MOVISTAR (Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións e Rede de Cliente), (d) indispoñibilidade do Servizo por causas imputables ao CLIENTE, caso fortuíto, forza maior, requirimentos ou resolucións xudiciais ou administrativos ou calquera outra causa non imputable ou allea a MOVISTAR.

Do mesmo xeito, non constituirá falta de dispoñibilidade, no caso de subministración de TV vía satélite, tanto aquelas orixinadas na contravención polo Cliente das obrigacións de uso,

mantemento dos dispositivos ou recomendacións técnicas relativas aos materiais necesarios para a prestación dese servizo de conformidade coas súas condicións xerais, como as producidas polas limitacións de simultaneidade indicadas nas mesmas.

4.4 Duración da falta de dispoñibilidade garantida

Aos efectos previstos en "Responsabilidade por falta de dispoñibilidade", a falta de dispoñibilidade garantida do SERVIZO MOVISTAR+ computarase desde o momento en que se reciba o aviso de avaría do CLIENTE até o momento en que se solucione a avaría avisada e se restableza efectivamente o SERVIZO MOVISTAR+.

Naqueles casos nos que fose necesaria a Resolución a Domicilio, MOVISTAR ofrecerá ao CLIENTE unha cita concertada. O CLIENTE non virá obrigado a aceptar a primeira cita concertada proposta por MOVISTAR. En tal caso, con todo, o período de tempo que medie entre esta primeira cita ofrecida por MOVISTAR e a cita finalmente aceptada polo CLIENTE, non se computará a efectos de indispoñibilidade do SERVIZO MOVISTAR+.

Así mesmo, o cómputo da duración da falta de dispoñibilidade do SERVIZO MOVISTAR+ tamén se suspenderá durante o tempo en que, previamente concertada a cita correspondente, o CLIENTE non facilite a MOVISTAR o acceso ás instalacións ou equipo do CLIENTE. A estes efectos, enténdese por cita concertada o compromiso, establecido de mutuo acordo por MOVISTAR e o CLIENTE, no que se fixa a data, hora e o lugar de intervención para a resolución de calquera avaría. Igualmente descontarase daquel cómputo o tempo de demora no restablecemento efectivo do mesmo que sexa imputable ao CLIENTE.

4.5 Descodificador.

MOVISTAR asume a obrigaón de reparar as avarías que se produzan no DESCODIFICADOR alugado. A reparación do DESCODIFICADOR poderá consistir, a criterio de MOVISTAR, na reparación ou substitución no domicilio do Cliente da unidade funcional avariada ou na substitución do DESCODIFICADOR por outro, con prestacións equivalentes.

5 OBRIGACIÓNS DO CLIENTE.

O CLIENTE asume as seguintes obrigaóns:

5.1 Prezo do Servizo

5.1.1 Prezos

Como contraprestación polo Servizo o CLIENTE virá obrigado a satisfacer o prezo correspondente a cada modalidade de conformidade cos prezos vixentes en cada momento.

Os prezos actuais están indicados no cadro de Prezos que figura no ANEXO I PREZOS.

5.1.2 Modificacións de prezos.

Calquera modificacións nos prezos aplicables serán comunicadas por MOVISTAR ao CLIENTE a través de calquera dos medios previstos na cláusula 16, cunha antelación mínima dun (1) mes. Todo iso, de acordo coa cláusula 16.

No caso de que o CLIENTE manifieste a súa desconformidade coas novas tarifas, poderá resolver unilateralmente a relación de prestación de servizos regulada nestas Condicións Xerais, sen que iso depare ao CLIENTE penalización ou custo adicional algún.

5.1.3 Facturación e Pago.

Todos os conceptos facturables en virtude da prestación do Servizo facturaránse a mes vencido, con carácter mensual e incorporaránse na factura correspondente á prestación por MOVISTAR do Servizo MOVISTAR+.

O pago correspondente ao SERVIZO será esixible desde o momento que se presente ao cobro a factura correspondente ao Servizo MOVISTAR + e realizarase a través da conta do mesmo na Entidade Bancaria ou Caixa de Aforros que para tal efecto sinala ou, na súa falta, en lugar habilitado por MOVISTAR, á súa presentación ao cobro, que constará expresamente no aviso de pago enviado ao cliente. Na factura identificarase o período no que se poderá realizar o pago.

O cliente autoriza, expresamente, a Telefónica de España S.A.U. a cobrar as facturas correspondentes ao Servizo Movistar+ contratado, incluído o caso de que dispoña de prestación de subministración de TV vía satélite. Así mesmo, aqueles conceptos correspondentes a contidos de TV fornecidos vía satélite que excedan os incluídos serán facturables por Telefónica de España S.A.U. ao Cliente en factura independente segundo o disposto no contrato celebrado entre o Cliente e Telefónica de España S.A.U. para o goce dos mesmos.

Na primeira factura emitida conforme ao disposto na presente cláusula incluíranse, naqueles casos que corresponda, o importe correspondente á cota de alta, instalación e cableado do descodificador, xunto con todos os servizos de instalación opcionais. A primeira cota será prorrateada en función da data de entrada en vigor do SERVIZO.

A contratación do servizo MOVISTAR+ implica que o CLIENTE acepta recibir a correspondente factura en formato electrónico, malia o seu dereito a optar pola factura en papel na contratación.

Esta aceptación implica estender a facturación en formato electrónico a todos os produtos de MOVISTAR que o CLIENTE contratara ou contrate con posterioridade con Telefónica de España, S.A.U.

En caso de atraso no pago, MOVISTAR poderá suspender a prestación dos Servizos se, tras requirir o pago ao CLIENTE, este non o fixera efectivo nun prazo de sete (7) días desde ese requirimento.

Transcorrido ese prazo, MOVISTAR requirirá de novo ao CLIENTE, concedéndolle un novo prazo de dez (10) días. Pasado o prazo, MOVISTAR poderá proceder á interrupción definitiva do Servizo, dándoo de baixa.

MOVISTAR restablecerá os servizos suspendidos dentro do día seguinte laborable a aquel en que teña constancia de que o importe debido foi satisfeito, pasando ao cobro ao CLIENTE, en concepto de rehabilitación dos servizos, a cantidade de 25 euros (30,25 con IVE).

Así mesmo, no suposto de impagamento, os datos relativos á débeda poderán ser comunicados ás seguintes entidades dedicadas á xestión de sistemas de información crediticia: ASNEF, sistema xestionado pola mercantil EQUIFAX IBERICA S.L. e BADEXCUG, sistema xestionado pola mercantil Experian Bureau de Crédito, S.A. e calquera outra que sexa comunicada oportunamente ao CLIENTE .

Se o SERVIZO MOVISTAR+ se adquirira como parte integrante dun paquete de servizos, por exemplo aquelas modalidades de FUSIÓN que o inclúan na súa oferta, deberá considerarse o disposto nas condicións relativas á facturación e cobro da modalidade FUSIÓN ou servizo principal contratado.

5.1.4 Descodificador

O Cliente asume as seguintes obrigacións:

a) A responsabilidade, desde o momento da entrega do DESCODIFICADOR, do bo uso e correcta manipulación do equipo alugado, propiedade de MOVISTAR.

Será responsable igualmente da deterioración ou perda dos terminais alugados, salvo que probe que estes feitos se produciron sen culpa pola súa parte.

b) Comunicar de inmediato a MOVISTAR calquera novidade danosa, así como calquera reclamación, acción, demanda ou embargo que se produza en relación cos terminais que ten alugados.

Así mesmo, deberá manifestar que a titularidade dos terminais corresponde a MOVISTAR fronte aos terceiros que pretendan embargarlles ou emprender calquera acción, demanda ou reclamación sobre a súa propiedade ou posesión.

c) En caso de solicitar un DESCODIFICADOR autoinstalable, este deberá ser instalado no prazo de 30 días desde a súa recepción. Pasado este prazo sen realizar a instalación, o Cliente deberá proceder á devolución do DESCODIFICADOR de acordo co procedemento que se lle indicará chamando ao 1004 ou en tendas Movistar, e que tamén poderá consultar en movistar.es/devolucion-equipos

d) Á finalización do presente contrato, por calquera das causas previstas na cláusula 15.2, o CLIENTE deberá devolver o DESCODIFICADOR dentro dos quince días naturais seguintes á resolución do contrato, de acordo co procedemento que se lle indicará chamando ao 1004 ou ao de Resposta Profesional e que tamén poderá consultar en movistar.es/devolucion-equipos

No caso de que o CLIENTE non proceda á devolución do DESCODIFICADOR no prazo indicado ou este presentase algún tipo de avaría ou dano que exceda do só efecto do uso, faltase algún dos seus compoñentes ou non se axustase enteiramente ao modelo provisto por MOVISTAR, facturarase ao CLIENTE a cantidade correspondente para ese codificador segundo as indicadas en movistar.es/devolucion-equipos. O CLIENTE deberá permitir ao persoal autorizado por MOVISTAR o acceso ao domicilio ou localización onde se atope instalado o DESCODIFICADOR dentro dos trinta días naturais seguintes á solicitude de baixa, nos casos nos que, por circunstancias técnicas, sexa necesario realizar algunha actuación presencial para a correcta tramitación da baixa do servizo, autorizando igualmente nese suposto a retirada do DESCODIFICADOR por ese persoal.

5.2 Compromisos de permanencia compatibles con MOVISTAR+

A contratación de MOVISTAR+ non supón a adquisición de compromiso adicional de permanencia algún, sen prexuízo do disposto no terceiro parágrafo desta cláusula para a primeira instalación de Fibra Óptica.

A contratación de MOVISTAR+, suporá a anulación, sen custo algún, dos compromisos adquiridos polo CLIENTE antes da contratación de MOVISTAR+ e asociados a servizos fixos, coa seguinte excepción: se ao contratar Movistar+ o CLIENTE tivese previamente adquirido un compromiso de permanencia de 12 meses por alta con primeira instalación gratuíta de Fibra Óptica no seu domicilio, esa permanencia reducirase a 3 meses a contar desde a data que iniciou aquel. Se xa transcorreran ao contratar MOVISTAR+, terase por vencido. Noutro caso, permanecerá polo tempo que reste até a finalización dese período de 3 meses.

Neste caso, se causa baixa no servizo de Internet con acceso Fibra antes deses 3 meses, o CLIENTE deberá abonar a Movistar unha cantidade proporcional ao tempo non cumprido do compromiso, cun importe máximo igual á cota bonificada que veña establecida nas Condicións dese servizo.

5.3 Condicións de Uso do Servizo de Movistar.

5.3.1 Uso Correcto dos servizos e limitacións

O acceso ao servizo está limitado ao territorio español coa excepción establecida na cláusula 2.4 II para Movistar + en Dispositivos.

O CLIENTE comprométese a utilizar o SERVIZO só para uso doméstico e accesible única e exclusivamente desde a rede de área local (LAN) do fogar, quedando expresamente prohibida a

exhibición en locais públicos ou para colectividade, salvo que o CLIENTE contratara unha modalidade do SERVIZO MOVISTAR+ destinada ao seu uso comercial (en particular, a modalidade Movistar+ Locales públicos ou Movistar+ Locales de Apuestas).

En caso dun uso indebido do servizo segundo o descrito, MOVISTAR resérvase a posibilidade de asignar ao cliente, previa comunicación ao mesmo, a modalidade de tarifa máis acorde cos patróns de uso manifestados e sen prexuízo de calquera outra que este poida considerar máis conveniente de entre as dispoñibles comercialmente para tal uso.

O CLIENTE será responsable fronte a MOVISTAR do uso incorrecto ou indebido dos servizos contratados.

5.3.2 Claves de acceso

En relación coas Claves de Acceso e Compra, o CLIENTE asume as seguintes obrigacións:

5.3.3 Asignación.

De acordo coas características técnicas dos Servizos prestados en cada momento, MOVISTAR poderá esixir ao CLIENTE o emprego dun nome de usuario (login) e uns contrasinais (password) para utilizar determinados Servizos (en diante, as "Claves de Acceso e Compra").

MOVISTAR poderá unilateralmente, e en calquera momento, modificar, suspender ou revogar os nomes de usuario ou as Claves de Acceso e Compra, co fin de unificar as diversas claves de acceso de que dispón o CLIENTE nos distintos servizos ofrecidos por MOVISTAR, procedendo á comunicación ao CLIENTE o máis axiña posible.

O CLIENTE poderá modificar as Claves de Acceso e Compra en calquera momento, de acordo coas restricións establecidas por MOVISTAR.

5.3.4 Uso e custodia.

O CLIENTE comprométese a facer un uso dilixente das Claves de Acceso e Compra e a mantelas en segredo.

En todo caso, o CLIENTE responderá dos gastos correspondentes á utilización dos Servizos por calquera terceiro que empregue ao efecto as Claves de Acceso e Compra do CLIENTE até o momento en que, no seu caso, o CLIENTE solicitara a MOVISTAR a desactivación das Claves de Acceso e Compra.

MOVISTAR asegurará a confidencialidade das Claves de Acceso e Compra dos seus clientes.

5.3.5 Transmisión, difusión e posta a disposición de terceiros de Contidos do Servizo Propios.

O CLIENTE obrígase a facer un uso dos Contidos Propios conforme á lei, ás presentes Condicións Xerais, á moral e aos bos costumes xeralmente aceptados, e á orde pública.

5.3.6 Medios para a obtención de información.

O CLIENTE comprométese a absterse de obter e mesmo de tentar obter, os Contidos accesibles a través do SERVIZO MOVISTAR+ empregando para iso medios ou procedementos distintos dos que, en cada caso, se teñan proporcionado ou indicado para ese efecto.

5.3.7 Uso correcto dos Contidos alleos.

O CLIENTE obrígase a facer un uso diligente, correcto e conforme á lei, á moral e aos bos costumes xeralmente aceptados e á orde pública de calquera Contidos obtidos a través do SERVIZO MOVISTAR+. En particular, o CLIENTE comprométese a absterse de (a) copiar, distribuír, permitir o acceso do público a través de calquera modalidade de comunicación pública, transformar ou modificar os Contidos, a menos que se conte coa autorización do titular dos correspondentes dereitos ou iso resulte legalmente permitido; (b) suprimir, eludir ou manipular o "copyright" e demais datos identificativos dos dereitos dos titulares incorporados aos Contidos, así como os dispositivos técnicos de protección, as pegadas dixitais ou calquera mecanismos de información de que dispoñan os Contidos; (c) utilizar os Contidos de forma ou con efectos contrarios á lei, á moral e aos bos costumes xeralmente aceptados ou á orde pública.

5.4 Acceso ás Instalacións do CLIENTE

O CLIENTE obrígase, previa solicitude e unha vez concertada a cita correspondente, a autorizar a MOVISTAR, ao seu persoal debidamente identificado ou ao servizo técnico que MOVISTAR designe ao efecto, a acceder ás instalacións e equipos en que se atope instalada a conexión aos Servizos coa finalidade de proceder á prestación dos Servizos de Instalación ou de resolución e á realización das operacións de mantemento que, a xuízo de MOVISTAR, resulten necesarias, así como coa finalidade recollida na Cláusula 4.2 das presentes Condicións.

5.5 Retirada e suspensión do acceso ao servizo

MOVISTAR poderá retirar, suspender preventivamente ou interromper definitivamente, a prestación do SERVIZO MOVISTAR+ a aqueles CLIENTES que incumpran o establecido nestas Condicións Xerais, comunicándoo debidamente.

No caso particular de MOVISTAR en Dispositivos, os propietarios de contidos usan diferentes tecnoloxías para protexer os seus dereitos de propiedade intelectual e industrial. No caso de fallo desa tecnoloxía, os propietarios de contidos poderán requirir que o SERVIZO restrinxa ou impida o acceso aos contidos obxecto de protección en determinados dispositivos ou aplicacións Software.

O CLIENTE poderá ser requirido para actualizar a tecnoloxía de cifrado. Se o CLIENTE rexeita esa actualización, non poderá acceder aos contidos que a requiran.

6 MODIFICACIÓNS DO SERVIZO MOVISTAR+

O Cliente comprométese a comunicar a Movistar calquera cambio nos datos do contrato, especialmente nos correspondentes ao domicilio de facturación e da conta bancaria de domiciliación dos pagamentos.

Movistar, co único fin de restablecer o equilibrio das prestacións entre as Partes, poderá modificar as condicións establecidas no contrato e en particular o prezo do mesmo, por algún dos seguintes motivos cando os mesmos obedezan a situacións acaecidas nun momento posterior á fixación das tarifas do Servizo por parte de Movistar:

- Incremento dos custos do sector empresarial no que estea presente Movistar e que redunden na cobertura, na calidade da rede ou nas características do Servizo prestado.

- Modificacións normativas (incluídos impostos, taxas ou resolucións administrativas ou xudiciais) que afecten ás condicións de prestación do Servizo.

- Incremento do índice de prezos ao consumo (IPC) ou, no seu lugar, do índice de prezos Industriais (IPRI).

Movistar informará ao cliente de calquera modificación con indicación do motivo preciso ao que obedece cunha antelación mínima DUN (1) mes á data en que a modificación vaia ser efectiva, tendo o cliente dereito a resolver o contrato sen penalización algunha, sen prexuízo doutros compromisos adquiridos polo propio cliente. Transcorrido o prazo dun mes sen que Movistar recibira ningunha comunicación, entenderase que o Cliente acepta as modificacións.

7 RESPONSABILIDADE POLOS SERVIZOS E CONTIDOS ACCESIBLES A TRAVÉS DO SERVIZO MOVISTAR+

7.1 Responsabilidade polos servizos

7.1.1 Continuidade do SERVIZO MOVISTAR+

MOVISTAR só garante a continuidade da prestación do SERVIZO MOVISTAR+ nos termos establecidos na Cláusula 5.3

7.1.2 Utilidade e fiabilidade dos Servizos.

MOVISTAR non garante que o SERVIZO MOVISTAR+ sexa útil para a realización de ningunha actividade en particular, nin a fiabilidade do Servizo, e en particular, aínda que non de modo

exclusivo, que os CLIENTES poidan efectivamente acceder aos distintos sitios existentes en Internet a través dos Servizos, transmitir, difundir, almacenar ou pór a disposición de terceiros Contidos a través dos Servizos, ou recibir, obter ou acceder a Contidos a través dos Servizos.

MOVISTAR EXCLÚE CALQUERA RESPONSABILIDADE POLOS DANOS E PREXUÍZOS DE CALQUERA NATUREZA QUE POIDAN DEBERSE A ALGUNHA DAS SITUACIÓNS DESCRITAS NO PARÁGRAFO ANTERIOR, SALVO QUE SE DEBAN A CAUSAS EXCLUSIVAMENTE IMPUTABLES A MOVISTAR.

7.1.3 Privacidade e seguridade na utilización dos Servizos.

MOVISTAR non garante a privacidade e a seguridade na utilización dos Servizos por parte dos CLIENTES e, en particular, non garante que terceiros non autorizados non poidan ter coñecemento da clase, condicións, características e circunstancias do uso do servizo que poidan facer os CLIENTES, ou que non poidan acceder e, no seu caso, interceptar, eliminar, alterar, modificar ou manipular de calquera modo os Contidos e comunicacións de toda clase que os CLIENTES transmitan, difundan, almacenen, poñan a disposición, reciban, obteñan ou accedan a través dos Servizos.

MOVISTAR EXCLÚE, CON TODA A EXTENSIÓN QUE PERMITE O ORDENAMENTO XURÍDICO, CALQUERA RESPONSABILIDADE POLOS DANOS E PREXUÍZOS DE CALQUERA NATUREZA QUE POIDAN DEBERSE A ALGUNHA DAS SITUACIÓNS DESCRITAS NO PARÁGRAFO ANTERIOR, SALVO QUE SE DEBAN A CAUSAS EXCLUSIVAMENTE IMPUTABLES A MOVISTAR.

7.2 Responsabilidade polos Contidos

7.2.1 Calidade

MOVISTAR non controla con carácter previo e non garante, a ausencia de virus nos Contidos transmitidos, difundidos, almacenados, recibidos, obtidos, postos a disposición, ou accesibles a través dos Servizos, nin a ausencia doutros elementos que poidan producir alteracións nos equipos do CLIENTE ou nos documentos electrónicos e ficheiros almacenados en ou transmitidos desde o equipo informático do CLIENTE.

MOVISTAR EXCLÚE CALQUERA RESPONSABILIDADE POLOS DANOS E PREXUÍZOS DE TODA NATUREZA QUE POIDAN DEBERSE Á PRESENZA DE VIRUS OU OUTROS ELEMENTOS LESIVOS NOS CONTIDOS TRANSMITIDOS, DIFUNDIDOS, ALMACENADOS, RECIBIDOS, OBTIDOS, POSTOS A DISPOSICIÓN, OU ACCESIBLES A TRAVÉS DOS SERVIZOS.

7.2.2 Licitude, falibilidade e utilidade

MOVISTAR, non intervén na creación, transmisión, nin na posta a disposición dos Contidos transmitidos, difundidos, almacenados, recibidos, obtidos, postos a disposición, ou accesibles a

través dos Servizos, que non sexan producidos por MOVISTAR, e non exerce ningunha clase de control previo nin garante a licitude, fiabilidade e utilidade sobre os mesmos.

MOVISTAR EXCLÚE CALQUERA RESPONSABILIDADE POLOS DANOS E PREXUÍZOS DE TODA NATUREZA QUE POIDAN DEBERSE Á TRANSMISIÓN, DIFUSIÓN, ALMACENAMENTO, POSTA A DISPOSICIÓN, RECEPCIÓN, OBTENCIÓN OU ACCESO AOS CONTIDOS A TRAVÉS DOS SERVIZOS EN PARTICULAR, AÍNDA QUE NON DE MODO EXCLUSIVO, EN CASO DE: (A) INCUMPRIMENTO DA LEI, A MORAL E OU BOS COSTUMES XERALMENTE ACEPTADOS OU A ORDE PÚBLICA; (B) INFRACCIÓN DOS DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL, SEGREDOS EMPRESARIAIS, COMPROMISOS CONTRACTUAIS DE CALQUERA CLASE, DEREITOS Á HONRA, Á INTIMIDADE PERSOAL E FAMILIAR E Á IMAXE DAS PERSOAS, DOS DEREITOS DE PROPIEDAD E DE TODA OUTRA NATUREZA PERTENCENTES A UN TERCEIRO; (C) REALIZACIÓN DE ACTOS DE COMPETENCIA DESLEAL E PUBLICIDADE ILÍCITA; (D) FALTA DE VERACIDADE, EXACTITUDE, EXHAUSTIVIDADE, PERTINENCIA E/OU ACTUALIDADE DOS CONTIDOS; (E) INADECUACIÓN PARA CALQUERA CLASE DE PROPÓSITO E A DEFRAUDACIÓN DAS EXPECTATIVAS XERADAS POLOS CONTIDOS; (F) INCUMPRIMENTO, ATRASO NO CUMPRIMENTO, CUMPRIMENTO DEFECTUOSO OU TERMINACIÓN POR CALQUERA CAUSA DAS OBRIGACIÓNS CONTRAÍDAS POR TERCEIROS E CONTRATOS REALIZADOS CON TERCEIROS A TRAVÉS DE OU CON MOTIVO DO ACCESO AOS CONTIDOS; (G) VICIOS E DEFECTOS DE TODA CLASE DOS PRODUCTOS E SERVIZOS COMERCIALIZADOS, ADQUIRIDOS OU PRESTADOS A TRAVÉS DOS SERVIZOS DE TERCEIROS ACCESIBLES A TRAVÉS DOS SERVIZOS DE BANDA ANCHA.

7.3 Responsabilidade polos servizos prestados por terceiros a través do SERVIZO MOVISTAR+

7.3.1 Calidade

MOVISTAR non controla con carácter previo e non garante a ausencia de virus nos servizos prestados por terceiros a través do SERVIZO MOVISTAR+

MOVISTAR EXCLÚE CALQUERA RESPONSABILIDADE POLOS DANOS E PREXUÍZOS DE TODA NATUREZA QUE POIDAN DEBERSE A DEFECTOS NA CALIDADE DOS SERVIZOS PRESTADOS POR TERCEIROS A TRAVÉS DOS SERVIZOS.

7.3.2 Licitude, fiabilidade e utilidade

MOVISTAR é completamente allea a, non intervén na configuración e prestación dos servizos prestados por terceiros a través dos Servizos e non exerce ningunha clase de control previo nin garante a licitude, fiabilidade e utilidade dos servizos prestados por terceiros a través do SERVIZO MOVISTAR+.

MOVISTAR EXCLÚE CALQUERA RESPONSABILIDADE POLOS DANOS E PREXUÍZOS DE TODA NATUREZA QUE POIDAN DEBERSE AOS SERVIZOS PRESTADOS POR TERCEIROS, EN

PARTICULAR, AÍNDA QUE NON DE MODO EXCLUSIVO, NOS MESMOS SUPOSTOS QUE QUEDAN DESCRITOS NA CLÁUSULA ANTERIOR (7.3.1)

7.4 Usos non autorizados.

MOVISTAR non controla o acceso nin a utilización que o CLIENTE ou outros usuarios fan dos servizos. En particular, MOVISTAR non garante que o CLIENTE ou outros usuarios accedan a e/ou utilicen os Servizos de conformidade co disposto nestas Condicións Xerais ou, no seu caso, coas condicións particulares que poidan resultar de aplicación.

MOVISTAR EXCLÚE CALQUERA RESPONSABILIDADE POLOS DANOS E PREXUÍZOS DE TODA NATUREZA QUE PUIDEN DEBERSE AO ACCESO E Á UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS POLO CLIENTE OU POR OUTROS USUARIOS, EN CONTRA DO DISPOSTO NESTAS CONDICIÓNS XERAIS.

7.5 Identidade e información relativa aos CLIENTES proporcionada polos propios CLIENTES.

MOVISTAR non controla nin ofrece ningunha clase de garantía sobre a veracidade, vixencia, exhaustividade e/ou autenticidade dos datos que os CLIENTES proporcionan sobre si mesmos ou fan accesibles a outros CLIENTES ou usuarios.

MOVISTAR EXCLÚE CALQUERA RESPONSABILIDADE POLOS DANOS E PREXUÍZOS DE TODA NATUREZA QUE POIDAN DEBERSE Á INCORRECTA IDENTIDADE DOS CLIENTES OU USUARIOS E Á FALTA DE VERACIDADE, VIXENCIA, EXHAUSTIVIDADE E/OU AUTENTICIDADE DA INFORMACIÓN QUE OS CLIENTES OU USUARIOS PROPORCIONAN ACERCA DE SI MESMOS E PROPORCIONAN OU FAN ACCESIBLES A OUTROS CLIENTES OU USUARIOS E, EN PARTICULAR, AÍNDA QUE NON DE MODO EXCLUSIVO, POLOS DANOS E PREXUÍZOS DE TODA NATUREZA QUE POIDAN DEBERSE Á SUPLANTACIÓN DA PERSONALIDADE DUN TERCEIRO EFECTUADA POR UN CLIENTE OU USUARIO EN CALQUERA CLASE DE COMUNICACIÓN OU TRANSACCIÓN REALIZADA A TRAVÉS DOS SERVIZOS

8 PROCEDEMENTO EN CASO DE VIOLACIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E EN CASO DE APRECIACIÓN DE CONTIDOS ILÍCITOS

MOVISTAR declara a súa rotunda e firme oposición (i) á violación de dereitos de propiedade intelectual e (ii) á explotación de contidos ou servizos tipificados como ilícitos desde o punto de vista penal.

MOVISTAR declara a súa total negativa a emitir ou distribuír contidos que violen dereitos de propiedade intelectual ou que sexan considerados ilícitos, desde o punto de vista penal, nas súas estruturas e/ou nos seus servizos.

No caso de que un CLIENTE ou un terceiro consideren que a posta a disposición de calquera dos Contidos a través do Servizo MOVISTAR+ infrinxe os seus dereitos de propiedade intelectual, ese

CLIENTE ou terceiro deberá enviar unha notificación a MOVISTAR na que se conteñan os seguintes extremos:

(a) datos persoais do reclamante: nome, NIF/CIF, enderezo, número de teléfono e enderezo de correo electrónico;

(b) sinatura auténtica ou equivalente, cos datos persoais do titular dos dereitos de propiedade intelectual supostamente infrinxidos ou persoa autorizada para actuar en nome e por conta do mesmo;

(c) indicación precisa e completa dos Contidos protexidos supostamente infrinxidos, así como da súa localización;

(d) declaración expresa e clara de que a posta a disposición dos Contidos indicados realizouse sen o consentimento do titular dos dereitos supostamente infrinxidos;

(e) declaración expresa, clara e baixo a responsabilidade do reclamante de que a información proporcionada na notificación é exacta e de que a introdución dos contidos constitúe unha violación dos seus dereitos de propiedade intelectual.

No caso de que un CLIENTE ou un terceiro consideren que existen feitos ou circunstancias que revelen o carácter ilícito, desde o punto de vista penal, dun Contido e/ou Servizo de MOVISTAR+ e/ou da utilización dos mesmos e/ou da realización de calquera actividade ilícita relacionada cos mesmos, deberá enviar unha notificación a MOVISTAR na que se conteñan os seguintes extremos:

(a) datos persoais do reclamante: nome, enderezo, número de teléfono, NIF/CIF e enderezo de correo electrónico;

(b) especificación da suposta actividade ilícita levada a cabo e, en particular, indicación precisa dos Contidos e/ou Servizos concretos así como da súa localización no Servizo MOVISTAR+;

(c) feitos ou circunstancias que revelan o carácter ilícito deses Contidos, Servizos ou actividade;

(d) declaración expresa, clara e baixo a responsabilidade do reclamante de que a información proporcionada na notificación é exacta e do carácter ilícito da utilización dos Contidos e/ou Servizos ou da realización das actividades descritas.

Estas notificacións deberán ser enviadas ao enderezo abuse@telefonica.es ou a través do formulario que se habilita en movistar.es/nemesys/.

9 NON LICENZA.

MOVISTAR autoriza ao CLIENTE a utilización dos dereitos de propiedade intelectual, de propiedade industrial e dos segredos empresariais relativos aos Servizos dos que é titular unicamente para utilizar os Servizos de conformidade co establecido nestas Condicións Xerais. MOVISTAR non concede ningunha outra licenza ou autorización de uso de ningunha clase sobre os seus dereitos

de propiedade intelectual, de propiedade industrial, sobre os segredos empresariais ou sobre calquera outra propiedade ou dereito relacionado cos Servizos.

As direccións IP non son propiedade do CLIENTE, polo que MOVISTAR poderá modificar as mesmas cando concorran causas que o xustifiquen.

Así mesmo, MOVISTAR non se fai responsable do mal uso ou do uso fraudulento por parte do CLIENTE ou de terceiros, das direccións IP proporcionadas ao CLIENTE.

10 RECOMENDADOR DE CONTIDOS

O SERVIZO MOVISTAR+ inclúe un recomendador de contidos que mostrará e dará a coñecer ao CLIENTE contidos televisivos adaptados ao consumo realizado dentro do seu fogar, aforrándolle tempo de procura nos buscadores principais da plataforma de televisión Movistar+, e mostrándolle outros contidos novos, por exemplo estreas, que nun momento dado lle puidesen interesar.

A prestación desta funcionalidade implicará necesariamente o tratamento dos seus datos de cliente e servizos contratados mentres se atope o SERVIZO MOVISTAR+ en estado de alta, así como os datos dos contidos visualizados a través das plataformas do Servizo Movistar+ (televisión ou dispositivos e/ou aplicacións), coa finalidade de mostrar e dar a coñecer ao cliente contidos televisivos adaptados ao consumo realizado dentro do seu fogar, e personalizándoos con fin de non volver recomendarlle contidos que xa visualice ou que se separen radicalmente dos seus hábitos de consumo.

MOVISTAR non empregará en ningún caso tecnoloxía de recollida de información para recuperar información existente no propio equipo informático do CLIENTE (agás, no seu caso, a proporcionada polas "cookies" de MOVISTAR xa instaladas e informadas a través da Política de cookies do portal web Movistar).

Para os efectos do disposto nas presentes Condicións Xerais, as cookies, que son pequenos ficheiros de datos que se aloxan no dispositivo de acceso ao Servizo (computador, Smartphone, Tablet ou calquera outro dispositivo que permita o usuario acceder ao Servizo) que reúnen información da actividade do Usuario e permiten a MOVISTAR por exemplo, lembrar a última procura de contidos, marcar contidos como "xa vistos", recomendar contidos que poidan interesarlle ao usuario, facilitar a navegación destes; etc. Polo tanto, o navegador utilizado polo CLIENTE deberá estar configurado para aceptar o uso da dita tecnoloxía.

O Cliente ten a posibilidade de configurar o seu navegador para recibir avisos en pantalla da recepción de cookies e para impedir a súa instalación no seu dispositivo. O Cliente deberá consultar as instrucións e manuais do navegador do seu terminal para ampliar esta información.

11 CESIÓN DE CONTRATO

O servizo obxecto deste contrato ten carácter persoal, malia que o cliente poderá cedelo a un terceiro previo consentimento de Telefónica de España S.A.U. Telefónica de España S.A.U. poderá ceder este contrato informando previamente o cliente conforme á normativa vixente, e sen prexuízo do dereito que o cliente puidese ter a resolver o contrato.

12 RETIRADA OU SUSPENSIÓN LEGAL DO SERVIZO MOVISTAR+

MOVISTAR poderá retirar ou suspender o acceso ao SERVIZO MOVISTAR+ nos supostos en que teña coñecemento efectivo da ilicitude de contidos, datos ou información almacenados ou reproducidos a través do mesmo, por ter sido requirida para iso por autoridade competente, en virtude de resolución xudicial ou administrativa, ou en función doutros supostos de coñecemento. En tal caso MOVISTAR queda exonerada de toda responsabilidade polos danos e prexuízos que tal retirada ou suspensión puidese causar ao Cliente.

13 FACULTADES DE COMPROBACIÓN E REGULARIZACIÓN DE MOVISTAR.

Queda expresamente prohibida a exhibición do SERVIZO MOVISTAR+ en locais públicos ou para colectividade, salvo que o CLIENTE contratara unha modalidade do SERVIZO MOVISTAR+ destinada ao seu uso comercial (en particular, a modalidade Movistar+ Locales Públicos ou Movistar+ Locales de Apuestas).

MOVISTAR resérvase o dereito a comprobar, en calquera momento, a condición de CLIENTE do SERVIZO MOVISTAR+ para Locales Públicos ou Movistar+ Locales de Apuestas. Para iso, o CLIENTE deberá facilitar ao inspector correctamente identificado a documentación acreditativa da súa condición de abonado, e deberá ter exhibido nun lugar que se atope visible desde a rúa o distintivo (adhesivo) acreditativo de local autorizado para a emisión dos contidos do SERVIZO MOVISTAR+ para locais públicos que se lles fará chegar por correo ordinario a todos os abonados do servizo.

Así mesmo, informámoslle de que a emisión do SERVIZO MOVISTAR+ nun local público cun servizo diferente ao específico para Locales Públicos implicaría un uso indebido e/ou non autorizado do mesmo e, por iso, MOVISTAR regularizará automaticamente ao Cliente á modalidade de tarifa para locais públicos máis acorde coas pautas de uso manifestadas, do que será informado mediante a correspondente comunicación.

14 PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Movistar informa que os datos dos seus clientes serán tratados conforme ao establecido na Política de Privacidade de Movistar, cuxa información básica se recolle na presente cláusula. O contido íntegro desta pódese consultar no seguinte enlace: www.movistar.es/privacidad, solicitando un exemplar no 1004 ou nas Tendas Movistar.

Acorde coa normativa europea de protección de datos de carácter persoal e en virtude do establecido na dita Política, as seguintes empresas do Grupo Telefónica son corresponsables do tratamento dos datos persoais do Cliente Movistar en función dos produtos e servizos que teña contratados: Telefónica de España, S.A.U. e Telefónica Móviles España, S.A.U. (en diante e conxuntamente denominadas, para os efectos establecidos nesta cláusula, como "Movistar").

En Movistar trataremos os datos do cliente para a prestación do Servizo, así como para outras finalidades que, como cliente Movistar, nos permita ou autorice nos termos recolleitos na Política de Privacidade na que, ademais, se recolle toda a información necesaria para que o cliente poida decidir sobre outros tratamentos que requiran o seu consentimento.

Os datos persoais necesarios para a execución do contrato que o cliente achega neste acto, xunto cos obtidos con motivo da prestación do Servizo, así como a través das canles de atención e comercialización, serán incluídos en ficheiros informatizados de datos de carácter persoal titularidade de Movistar.

Adicionalmente aos tratamentos recollidos na Política de Privacidade, ao aceptar os presentes termos e condicións de uso do Servizo, o Cliente é informado e autoriza a MOVISTAR ao envío da información relacionada coa programación do Servizo e ao tratamento específico dos seguintes datos de cliente, servizos contratados, facturación, así como os datos de consumos en Movistar+, cuxo tratamento é necesario, en execución do contrato, para a prestación do Servizo.

Por outra banda, para calquera das finalidades previstas na Política de Privacidade, Movistar poderá encargar o seu tratamento a provedores de confianza. A relación actualizada das categorías dos devanditos provedores así como daqueles que realizan transferencias internacionais de datos no exercicio das súas funcións recóllese en www.movistar.es/privacidad/info-adicional.

Así mesmo, Movistar garante a adopción das medidas necesarias para asegurar o tratamento confidencial dos devanditos datos e infórmalle da posibilidade de exercitar, conforme á dita normativa, os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, dirixindo un escrito Referencia DATOS, a: o enderezo de correo electrónico TE_datos@telefonica.com, dirixindo un escrito ao Apartado de Correos 46155, 28080 Madrid, ou a través do teléfono gratuito 224407.

15 TERMINACIÓN.

15.1 Vixencia

A duración do presente contrato é indefinida, sen prexuízo do disposto nas cláusulas 5.3.7 e 5.5, así como do disposto en canto á resolución do mesmo.

15.2 Resolución

O presente contrato resolverase polas causas xerais admitidas en Dereito, polas previstas ao longo do seu clausulado, e expresamente:

- Por decisión do propio CLIENTE, comunicada a MOVISTAR por calquera medio fidedigno, cunha antelación mínima de dúas (2) días hábiles, respecto da data en que debe producir efectos. A estes efectos entenderanse por medios fidedignos os seguintes:

- Fax ao número 902 104 132.
- Carta ao Apartado de correos . Barcelona.
- Teléfono ao número 1004.

- Por cesamento de MOVISTAR, sen que existira cesión de contrato, na prestación do SERVIZO MOVISTAR+, previa comunicación ao CLIENTE con trinta (30) días de antelación sobre a data prevista para o cesamento.

- Por grave incumprimento das obrigacións derivadas do presente contrato, así como pola utilización do Servizo contraria á boa fe ou ás condicións de bo uso descritas nas presentes Condicións Xerais, sen prexuízo en todo caso da reclamación por danos e prexuízos que puidese corresponder,

15.3 Efectos

Rematada a prestación do SERVIZO MOVISTAR+ obxecto destas Condicións Xerais por calquera causa, MOVISTAR facturará ao CLIENTE, no seu caso, o importe correspondente á parte proporcional da última cota mensual e os servizos efectivamente consumidos por este, en función da data de efectividade da baixa.

Á finalización do presente contrato, por calquera das causas previstas na cláusula 15.2, o cliente queda obrigado a devolver o descodificador segundo se indica na Cláusula 5.1.4 obrigacións do Cliente respecto ao DESCODIFICADOR.

Cando se produza a baixa do Cliente en Movistar+, pero non da liña telefónica fixa e o servizo de ADSL/Fibra, continuarán a prestarse os servizos que permanezan de alta, de conformidade coas súas condicións contractuais e os prezos de Catálogo que correspondan.

16 NOTIFICACIÓNS

As notificacións que O CLIENTE haxa de efectuar a MOVISTAR con motivo do previsto no presente Contrato e en execución do mesmo, efectuaranse, ben telefonicamente aos números de atención persoal de MOVISTAR, ben por escrito aos apartados de correo ou enderezos postais previstos, en cada caso, ao longo deste contrato e en particular na cláusula 19 do mesmo.

Por outra banda, as notificacións, modificacións e comunicacións por parte de MOVISTAR ao CLIENTE realizaranse dalgunha das seguintes maneiras:

(a) Envío por correo postal ao domicilio designado polo CLIENTE para ese efecto no momento da contratación. En defecto de designación ou comunicación da modificación do domicilio inicialmente designado, entenderase, para todos os efectos, que o domicilio do CLIENTE é o lugar onde se realiza a prestación do servizo e, en caso de ser estes varios, calquera deles.

(b) Envío por correo electrónico, sempre que iso sexa posible, a calquera dos enderezos de correo electrónico que o CLIENTE facilite a MOVISTAR para os devanditos efectos.

(c) Comunicación por medio dunha chamada telefónica ou SMS se procede, ben ao número de teléfono a través do cal se presta o SERVIZO ao CLIENTE, ou ben ao número de teléfono indicado polo CLIENTE no Formulario de Solicitud de Alta no SERVIZO, ou modificado posteriormente polo CLIENTE conforme a esta Condición.

d) Comunicación por medio da área privada “Mi Movistar” do cliente, á que poderá acceder a través da web www.movistar.es ou a aplicación “Mi Movistar”, ou as denominacións que substitúan a estas.

e) Por avisos e informacións nas pantallas informativas de MOVISTAR +.

f) Mediante publicación nas súas páxinas Web, cando a devandita información sexa de carácter xeral para todos os CLIENTES.

Neste sentido, O CLIENTE manifesta que todos os datos facilitados por el son certos e correctos, e comprométese a comunicar a MOVISTAR as variacións que, de ser o caso, se produzan no seu domicilio ou en calquera outro enderezo ou medio de contacto, nos datos de cobramento, así coma en calquera outro tipo de información necesaria para a xestión e mantemento da relación contractual entre MOVISTAR e O CLIENTE.

17 LEI APLICABLE

A prestación dos Servizos obxecto deste Contrato rexeráse pola lexislación española.

18 RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

(I) Interposta unha reclamación polo CLIENTE contra MOVISTAR, se non se resolvera no prazo dun mes ou, se resolta, non fose estimada, o CLIENTE poderá presentar a reclamación ás Xuntas Arbitrais de Consumo.

(II) MOVISTAR e o CLIENTE sométense aos Xulgados e Tribunais que resulten competentes en cada momento, conforme ao disposto na lexislación vixente, para calquera controversia que puidese derivarse da prestación do SERVIZO MOVISTAR+ obxecto destas Condicións Xerais.

19 INFORMACIÓN AO CLIENTE

MOVISTAR facilitará o contido do presente Contrato na súa páxina de Internet, por escrito se así o solicita O CLIENTE no teléfono de atención ao público 1004 e nas Tendas Telefónica.

ANEXO I PREZOS

COTAS MENSUAIS DAS SUBSCRICIÓN S ADICIONAIS AO SERVIZO DE CANLES DE TVE COMPATIBLES CO SERVIZO MOVISTAR+ ⁽¹⁾	
Elemento Comercial	Cota mensual (€/mes, impostos incluídos ⁽²⁾)
MOVISTAR+ 0	5,00
MOVISTAR+	25,00
MOVISTAR+ PREMIUM ⁽³⁾	75,00
MOVISTAR+ PREMIUM CON DISNEY+ ⁽³⁾⁽⁴⁾	80,00
MOTOR ⁽³⁾	10,00
SELECCIÓN DEPORTES ⁽³⁾	15,00
CINE	10,00
CINE CON DISNEY+ ⁽⁴⁾	15,00
SERIES	10,00
PREMIUM ⁽³⁾	50,00
PREMIUM CON DISNEY+ ⁽³⁾⁽⁴⁾	55,00
PREMIUM EXTRA ⁽³⁾	65,00
PREMIUM TOTAL ⁽³⁾	85,00
PAQUETE EXTRA ⁽⁵⁾	15,00
PLAYBOY TV	7,00
MEZZO	5,00
CLASSICA	5,00
CAZA E PESCA	7,00
IBERALIA TV	7,00
Toros TV	20,00
ATRESplayer Premium	3,99
Movistar Series 2	5,00
Movistar Estrenos 2	8,00
Movistar LaLiga	25,00
Movistar Liga de Campeones	20,00
Adultos	15,00
Favoritos Latino	2,42
Movistar+ Lite ⁽⁶⁾	4,00
DAZN	9,99

Equipamiento	Cota mensual ⁽²⁾	Cota de Alta ⁽²⁾	Cota de Instalación ⁽²⁾
Desco UHD	N/A	40	50 ⁽⁷⁾
Desco UHD Smart WiFi	N/A	60	
Multi+ con Desco UHD	7,86	Non dispoñible	
Multi+ con Desco UHD WiFi		60	

⁽¹⁾ Se, contratados calquera das anteriores canles adicionais, se dese de baixa das mesmas antes dos 15 primeiros días desde o momento da súa contratación, deberá abonar o 50% da cota en concepto de custos asociados á disposición de contidos, máis a parte proporcional da cota mensual. A suma de ámbolos dous importes, en ningún caso superará o valor da cota mensual da canle contratada.

⁽²⁾ Estes prezos non aplican en Ceuta, Melilla e Canarias, onde aplican impostos indirectos reducidos segundo a lei vixente; en Canarias IXIC 7%, en Ceuta: IPSI 10% e en Melilla: IPSI 8%.

⁽³⁾ A contratación de calquera destes paquetes inclúe na súa oferta o desfrute do contido de Dazn fóra da plataforma de Movistar+, que actualmente presta DAZN Spain, S.L.U. conforme ás Condicións de uso publicadas en www.dazn.com. O seu desfrute require a correcta activación da conta por parte do Cliente en <https://www.movistar.es/activaDAZN> ou <https://sitioseguro.movistarplus.es/zonacliente/DAZN> se é Satélite, así como a aceptación do contrato de subscrición de Dazn. A utilización de Dazn implicará a comunicación dun código identificador da conta persoal do Cliente entre Movistar e DAZN Spain, S.L.U. coa finalidade de asegurar o mantemento da relación contractual e a provisión do servizo. Respecto ao resto de tratamentos que DAZN Spain, S.L.U. poida realizar dos datos persoais do Cliente, deberán consultarse as súas condicións de uso e a súa Política de privacidade.

⁽⁴⁾ A contratación de calquera destes paquetes supón a subscrición do Cliente ás Condicións Particulares dos Paquetes Dispoñibles no Servizo Movistar+ que inclúen acceso ao Servizo Disney+ e unha liña móbil, dispoñibles en www.movistar.es/contratos

⁽⁵⁾ O Paquete Extra só estará dispoñible para clientes con Movistar+ Premium e Fusión Total Plus.

⁽⁶⁾ Dispoñible para clientes con Conecta Max TV box.

⁽⁷⁾ Gratuíta para os xa clientes con BAF (Banda ancha fixa) que elixen a modalidade de autoinstalación do desco, para os clientes sen BAF no momento da alta do servizo (Fusión ou Trío) e en caso de alta conxunta de TV e Multi+.

- Os prezos do resto de equipamento, así como as distintas Opcións Adicionais ao Servizo serán facturados conforme á oferta que en cada momento figure na seguinte URL: movistar.es/particulares/television/movistar-imagenio
- A oferta comercial do SERVIZO MOVISTAR+ é moi ampla e en constante evolución. Aquí recóllense as modalidades do servizo máis habituais. Para máis información sobre o contido dos paquetes e para un maior detalle, dirixirse á páxina Web: movistar.es